

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** INICIO CONTRATACIÓN SERVIZO DE ROZA DE VÍAS, PISTAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS NO ANO 2024. S-2/2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000492

Visto o certificado de existencia de crédito de data 09 de xaneiro de 2024.

Visto o informe de necesidade de contratación externa por falta de medios propios emitido polo Concelleiro de Medio Ambiente de data 15 de abril de 2024 e incluído na Memoria de Alcaldía de data 16 de abril de 2024.

Visto o Prego de prescricións técnicas de data 15 de abril de 2024.

Considerando que con data 16 de abril de 2024 informouse na Memoria de Alcaldía a presente licitación, xustificando, entre outros, o valor estimado do contrato, a necesidade da administración que se pretende satisfacer e a decisión de non dividir por lotes.

Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía para a adopción deste acordo, á vista da resolución da Alcaldía do 27 de xuño de 2023 (res. 783/2023)

### RESOLVO:

**Primeiro.**- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución do servizo de ROZA DE VÍAS, PISTAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS NO ANO 2024 de acordo co indicado no o informe de necesidade de contratación externa por falta de medios propios incluído na memoria da Alcaldía de data 16 de abril de 2024, xa que o Concello non dispón dos medios necesarios para asumir este cometido con persoal propio.

**Segundo.**- Iniciar o procedemento de contratación do ROZA DE VÍAS, PISTAS E CAMIÑOS MUNICIPAIS NO ANO 2024, cuxo orzamento base de licitación ascende a

30.886,37 € e 6.486,14 € de IVE, cun total de 37.372,51 €, e duración oito semanas, por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente S-2/2024.

**Terceiro.**- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado.
- Informe da adxunta a Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

**Cuarto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,  
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz